

## Aterrados que marcaron época

---

O investigador cangués lembra a partires das aventuras de neno na ribeira do Señal, as praias desaparecidas por mor dos recheos



Cangas, principios dos anos 30. Imaxe da ribeira do Señal. / Arquivo do autor

**Antonio Graña Graña\***

Cangas 18 FEB 2024 – Faro de Vigo-Morrazo

<https://galego.farodevigo.es/o-morrazo/2024/02/18/aterrados-marcaron-epoca-cangas-98281715.html>

Quero lembrar hoxe as **modificacións na paisaxe sufridas pola nosa Vila**. Co arranque dos anos 40 un mal endémico percorreu toda a franxa costeira galega e mesmo do estado, desvirtuando tanto a paisaxe como medios de vida. Fixéronse **desaparecer innumerables lugares ribeiráns** onde a única testemuña é a memoria e algunha que outra fotografía. En definitiva, desapareceron para sempre.

Ese mal que practicamente alcanza ata os nosos días segue a dar rabexadas. Todos os organismos públicos sen excepción fixeron o que lles veu en gana en cuestión de recheos, sen contar para nada cos que viven das praias, traballadores do mar, principais prexudicados da desfeita que agora mesmo nos pasa factura. **O progreso sen ordenamento é unha forza desbocada, sen senso.**

Non quero meter a todos os recheos no mesmo saco... pero na súa inmensa maioría **arrasaron grandes bancos marisqueiros, con áreas de gran produción e calidade**. Claros exemplos os temos: na Celulosa de Pontevedra; a desaparición fronte a Bouzas dunha importante zona de bivalvos; o **aterramento e desaparición da Praia do Señal**, unha praia urbana que recuperada sumaría un valor engadido ó maltreito casco vello; o **soterramento do tramo final do río Bouzós...**



O río Bouzós en 1910. Tamén chamado o do Señal. As Pontes. / Foto Ocaña

### Os nenos da Ribeira

O meu primeiro contacto coa escola foi no ano 1957. Como moitos outros nenos da época, comecei na escola particular da Sra. Isabel, unha venerable **anción coñecida popularmente por “Moño Teso”**. Estaba situada na Rúa do Derribo, daquela un lugar de casas humildes habitadas na súa totalidade por familias de mariñeiros, lugar por certo do máis antigo da vila. Eu vivía na Rúa Romay, popularmente chamada rúa da Fe. A escola tiña un patio con vistas ó monte, un monte daquela totalmente espido de vexetación. Era (é, xa que se conserva tal cal na actualidade) unha casiña cun patio cuberto orientado ó N.O. No verán as clases facíanse no exterior, sentados nos chanzos de acceso a propia casa, ou ben no amplo descanso da propia escaleira. Os accesos principais eran pola Rúa Subida ó Derribo, como tamén pola Rúa Faixa. Naquela escola había unha serie de normas a cumprir. Por curiosas citarei algunhas: era **obrigado levar cada un o seu propio banco** (no meu caso feito polo veciño Manolo Entenza, “O Alondriñas”), non pousar baixo ningún concepto as patas do banco nas unións das táboas do vello estrado: iso **“tiña sanción”**.



A praia do Señal nos anos 60. / Arquivo do autor

As cinco da tarde dábase por finalizado o horario escolar. A esa hora unha boa cantidade de rapaces comíamos o habitual bocadillo para logo, saciados, buscar aventuras na Ribeira do Señal, lugar mariñeiro por excelencia, onde Cangas concentraba a súa razón de ser, a vinculación co mundo da salitre, co mundo do mar. Outras veces íamos un pouco máis aló, ata **a mesma desembocadura do río Bouzós, (onde anos máis tarde púxoselle o “pomposo” nome de Benidorm)**. Dous espazos que, a pesar do tempo transcorrido,



seguen presentes na memoria colectiva dos nenos da posguerra. Unha auténtica magoa, pois quedamos sen unha auténtica praia urbana, **berce e vínculo do Cangas mariñeiro**. Foi un claro exemplo do que non se debe facer, a manía de soterrar, soterrar, e soterrar, e un verbo que se conxugaba e puntualmente séguese a facer, modificando sen sentido unhas liñas de costas, sen querer ver que existen outras maneiras de actuar máis respectuosas coa natureza e coa mesma paisaxe.

A **Praia da Ribeira do Señal, aquela escola de mariñeiros** que coñecemos cando nenos, era unha praia moi produtiva, especialmente tras os días de marusía producida polos ventos S. e S.O., que acarrexaban ata a beira unha gran cantidade de verdello, entre o que aparecían abundantes camaróns, coma algunha que outra anguía, martilonga ou serrán.

Neses días era habitual atoparse con varias embarcacións provistas do indispensable rastre, que tras varias pasadas polo lugar elixido, baleiraban o aparello en terra, onde **os nenos participabamos no labor de escoller**. Sen perda de tempo, a embarcación facíase de novo ó mar para unha nova rastrexada.

Na Ribeira acumulábanse desperdicios de todo tipo, restos de pinturas, sobrantes de peixes da veciña praza de abastos, cunha particularidade: a abundancia de raias de gran tamaño, ademais de restos de reparacións efectuadas nos **numerosos barcos que alí poñían a súa barriga ó sol para seren reparados e “maquillados”**. Outro dos residuos que destacaban era a gran cantidade de osos de vaca que aparecían no areeiro, e moi especialmente de “escápulas” (oso de forma triangular) que os rapaces aproveitábamos, dada a súa forma, para padexar e xogar coa area.




Unha imaxe do río Bouzós cara o ano 1965. / Arquivo do autor

### **“Anteproxecto do Plan Xeneral do Porto de Cangas”**

Dado o estado de degradación no que se atopaba o céntrico areal, máis a febre desatada en diferentes puntos do país para gañar terreos o mar, **a principios do mes de maio do ano 1953 dáse a coñecer un “Anteproxecto do Plan Xeneral do Porto de Cangas”**. Era un estudo redactado por **Manuel Espárrago**,

**director de Obras do Porto de Vigo**, organismo dependente, nese entón, do **Ministerio de Obras Públicas do Estado**. Tras dous anos de exposición pública no local da Axudantía de Mariña de Cangas, na rúa Méndez Núñez, conseguiu a definitiva aprobación o 17 de maio do 1955.



El anteproyecto del Plan General de Obras en el puerto de Cangas de Morrazo, que comprende, no solo una extraordinaria ampliación del mismo, sino la construcción de edificios, almacenes, talleres, frigoríficos, varaderos y grúas, y del que es autor el Ingeniero-director de Obras del puerto de Vigo don Manuel Esparrago.

Anteproxecto do Plan Xeral de Obras do porto de Cangas, ano 1953. No caso de que este proxecto chegase a facerse realidade, Cangas quedaría pechada ao mar, dada a cantidade de almacéns a construír na beira / Faro de Vigo. Publicación do 3 de maio de 1953

A aprobación tiña asignada unha **partida económica de 41.469.927 pesetas**, dentro da cal había unha asignación destinada a construción dun Novo Dique de Abrigo, tal como aparece reflexado no plano da documentación, que tería **540 metros de longo, con ataque polo interior**. O porto de Cangas tiña nesa época, segundo o propio anteproxecto, **1.436 embarcacións pesqueiras que daban traballo a uns 8.000 mariñeiros**. Esta era a razón pola que era considerado prioritario, por necesario, a creación dun dique de abrigo, que puidera acoller a numerosa flota pesqueira, así como beneficiarse dunha serie de complementos que facilitarían no futuro o labor das xentes do mar. Con anterioridade, Cangas fora catalogada como Porto Refuxio, pola Organización de Portos do Estado, nun decreto lei aprobado o 5 de xullo do 1940.

O certo é que tras a aprobación definitiva do proxecto de ampliación do porto, **do tema nunca máis se soubo, pese as promesas e afirmacións do Enxeñeiro Antonio Garely** de la Cámara, Director Xeral de Portos e Canles do Estado, que dende anos atrás dábaos por feito. A realidade foi que "O señor Garely", desapareceu levando consigo o proxecto redactado. **Enganou ós veciños, e mesmo a Corporación Municipal que tivera a deferencia de dedicarlle unha rúa**. Para iso elixiron a antiga e histórica **rúa Francisco González Romay (popularmente chamada Rúa da Fe)** que tivo que deixar de selo. Unha placa de mármore branco co nome de Romay presidía esa rúa dende o ano 1845: fora posto no seu día por iniciativa popular, como



recoñecemento ó seu traballo como cirurxián na pandemia de cólera morbo que asolara a Vila con anterioridade.

E mesmo tamén polo seu compromiso e humanidade cos semellantes. Houbo unha esmagadora iniciativa popular en apoio de dedicarlle unha rúa ó médico Romay, a que logo se sumaría o Concello, lugar onde traballaba como segundo de Leonardo Arnaud. O **troco espurio de nome fíxose no pleno extraordinario do día 9 de xaneiro de 1952**, a iniciativa do concelleiro Antonio Graña Giráldez a instancia de Marcelino Moldes, tal como afirmou o propio Graña. Ademais, na mesma acta, punto nº 3 quedaba reflexado o seguinte: **“Mantener el acuerdo anteriormente adoptado, de declarar al Sr. Garely huésped de honor del Ayuntamiento, si algún día honrase la villa con su visita”**. No punto nº 4, e derradeiro, dicía: **“ Que se dé traslado integro de este acuerdo por el que el Sr. Alcalde, mediante el envío de la oportuna certificación”**. Mandaba no Concello Ladislao Castro Castro.

### **Consecuencias da non execución das obras proxectadas para a Ampliación do Porto de Cangas.**

O longo silencio das administracións sen atender as xustas demandas dos mariñeiros de Cangas, máis a inhibición demostrada polo responsable de Portos do Estado, Garely, no que depositaran toda confianza para levar a bo termo a execución do necesario dique de abrigo, **sumiu a nosa vila nunha profunda desilusión**, tras comprobar como anos de loita escorregaban pola borda.

### **Aspectos positivos e negativos do incumprimento, por parte da administración, da Ampliación do Porto de Cangas, no ano 1955.**

Aspectos positivos: que a Ribeira do Señal non fose soterrada como estaba previsto. Ademais da non construción dunha serie de almacéns e talleres (tal como aparecen no croquis do proxecto de ampliación do porto), para servizos portuarios que pecharían para sempre, a modo de “muro”, cunha altura de 6 metros toda vista cara o mar dende o casco vello. Faríao a modo dun ronsel de edificacións que se prolongaría dende o arranque do dique proxectado, na de Cervera, ata o local da mariscaría “O Pote”, preto de onde estaba o cuartel da Garda Civil. Tras a desvinculación unilateral do proxecto, **librámonos, e de que maneira, do que sería a “ocultación” total do casco vello, e da paisaxe**. A redacción do proxecto de ampliación do porto, estivera a cargo do Director de Obras do Porto de Vigo, Manuel Espárrago.

Aspectos negativos: O punto máis negativo recae na **non construción do imprescindible Dique de Abrigo**, nese momento.

Outro dos puntos non entendibles é a placa que o día de hoxe aínda lembra o nome de Garely, aquel Enxeñeiro responsable de Portos do Estado, que **deu as costas e fixo oídos xordos, ante as xustas demandadas do colectivo de mariñeiros**. Demandas que chegaron a Madrid apoiadas por miles de sinaturas, tal como pode apreciarse no expediente de Ampliación do Porto que se conserva no Arquivo Municipal. É algo que dunha vez por todas, debería facer reflexionar a todo aquel que teña un mínimo de sensibilidade sobre a historia da nosa vila.

### **A "fuga" de Garely**

Tras a “fuga” de Garely, a desilusión non fixo efecto nos colectivos afectados, todo o contrario, continuouse furando por outros derroteiros, ata que aparece en escena o responsable do **Sindicato Nacional de Pesca, Agustin de Bárcena Reus**, que tras poñerse en contacto co alcalde da vila, Antonio Camiña Bastos, comunicálle entre outras cousas o seguinte:

“Respecto al puerto, y de modo confidencial –No le des publicidad- próximamente se va a comenzar el dragado del mismo, pero no sé exactamente cuando será.

Sin otro particular de momento, recibe un fuerte abrazo de tu amigo Agustin de Bárcena Reus”

A carta estaba sellada en Madrid, o día 25 de novembro do 1964.

O dique de abrigo foi unha realidade na década dos 70. A Agustín de Bárcena Reus, como recoñecemento, foille concedida a **Medalla de Ouro da Vila**, nun acto celebrado no Concello.



A natureza modificada no fronte de Cangas, no Señal. / Foto subida ás redes por José Figue



O entorno das Pontes, entre os anos 1946 e 1947. / Federico Patellani

## A Praza das Pontes

Que podemos dicir das Pontes? **Outro tanto do mesmo, a destrución foi total.** Soterráronse as dúas pontes, e mesmo o último tramo do río. Pouco máis arriba, permitiuse obrar sobre o mesmo leito do río, nunha parcela de propiedade municipal onde existía un lavadoiro. **Todo aquilo fíxose sen que ninguén asumira responsabilidades.** Non hai moitos anos houbo un par de intentos de descubrir o último tramo do Bouzós por parte do Concello, dende o emprazamento actual do cruceiro deixando á vista as dúas pontes ata o mar, pero, atopáronse coa **firme oposición dun notorio grupo de veciños do Forte**, alegando que a invasión de roedores sería unha constante. Ben puideron esixir o saneamento ao mesmo tempo de abrir o canle e permitir que o proxecto redactado fose unha realidade, ademais de librámos de algún que outro asolagamento. Que hai necesidade de aparcamentos? Claro que esa necesidade existe, e seguirá existindo. Pero de momento esa necesidade é un tema tabú, do que ninguén fala, como se non existirá esa necesidade. **A que agardan as administracións para atopar unha solución definitiva acorde co problema que se nos vén enriba?**



Lavadoiro público do río Bouzós, que desapareceu para levantar un edificio no seu lugar. Traballos para acondicionar a futura Rúa Noria / Arquivo do autor

Retomemos o fío dos soterramentos: como **traca final a tantos despropósitos, temos que lembrar a década dos anos 80.** Foi o disparo definitivo que **rematou coa Praia do Señal**, foi unha brusca ruptura coas nosas orixes como pobo mariñeiro. Cangas acababa de **perder os seus sinais de identidade** que a vinculaban dende a súa orixe coa Ribeira do Señal.



Outra imaxe do enterro da Ribeira na década de 1980. / Foto subida ás redes por José Figue

### Lembrando

No día do Cristo do ano 1956, 2 de setembro, aparecía nas páxinas do desaparecido **El Pueblo Gallego** un artigo, que xunto aquí, asinado por **Melitón González**, pseudónimo tras o cal estaba **Pau Perellada Molas**, na que, facéndose eco dos continuos rumores sobre a desaparición do areal, mostrou un vehemente alegato en defensa da deostada praia, e mesmo da perda de identidade da Vila de Cangas no caso da súa desaparición.

Perellada foi un **coñecido periodista, escritor, comediógrafo e debuxante**. Exerceu como militar na guerra de Cuba, alistándose no exercito para sufragar estudos. Cando redactou este artigo estaba de veraneo en Cangas (1956). Díciase que o motivo de achegarse ata a nosa Vila era **reencontrarse cun antigo compañeiro de armas na illa caribeña**.

Temos que recoñecer que en Cangas dende o ano 1940, foron moitos os erros cometidos por practicamente todas as corporacións municipais. Pero dende esa atalaia, debemos orientarnos e **marcar un punto de inflexión para corrixir dentro do posible esas cicatrices** que deixan marcas para toda unha vida.

Menos mal que o **proxecto de aterrado de Foster naufragou no Salgueirón**. Pero, o que non podemos permitir de ningunha das maneiras é o **estado lamentable no que se atopan os restos do complexo industrial de Massó**. Que é dunha particular? Certo, pero alguén terá que dicir que esa situación non pode seguir de por vida.

### Rumores del Mar de Cangas

La playa de la Señal es la única que, por ahora, aún queda en Cangas propiamente dicho. Las de Rodeira y Areas Gordas, alejadas del cúmulo urbano, pertenecen al extrarradio. La de Rodeira, la más cercana, es la playa de veraneantes y bañistas; y la del Señal, enfrentada al barrio del mismo nombre, en el corazón de la villa, es la netamente marinera, la que da a Cangas sabor de mar y vida pesquera, la que imprime carácter y conserva la tradicional fisonomía del puerto consagrado a las faenas marítimas.



Para los ojos que sepan ver, admirar y sentir, sin la playa de la Señal, y solamente desde un punto meramente estático, resulta harto difícil comprender y concebir al Cangas bello y marinero.

La playa de la Señal es ahora el verdadero y único puerto, la obra de la naturaleza que brinda a los pescadores el seguro abrigo para sus embarcaciones. No tiene otro. Las demás playas, alejadas de sus viviendas, son abiertas, batidas por las olas, en las que el pescador corre el riesgo inevitable de perder su modesta embarcación y verse sumido en la miseria.

Es tal la seguridad que ofrece esta pequeña ensenada, que no solamente las parejas y bacas de Vigo, sino los barcos forasteros, entre ellos los que proceden de las Vascongadas, van a ellos a varar y limpiar fondos.

Aflige el alma ver como sinrazones poderosas e incuestionables, se van reduciendo las bellezas de nuestras villas marineras en aras de obras portuarias que, aún consideradas precisas, sobran lugares para llevarlas a cabo sin perjuicios para el que más motivos tiene haber respetado los derechos que le concedió la naturaleza y la costumbre que también es ley.

Por que la playa del Señal, tan bella, tan típica, tan evocativa, desaparece día tras día bajo un aluvión de escombros y suciedades. Se halla, hace tiempo, convertida en lugar común de todos los detritos de la villa. Y los pescadores -más de tres mil matriculados- ven entristecidos e impotentes el avance de la inútil destrucción pensando en el día en el cual no tendrán donde salvaguardar los costosos útiles de su profesión, los instrumentos de trabajo de donde sale el pan de sus hijos.

Se observa en la villa de Cangas una mano directriz y en muchos aspectos acertada cuyas actividades se traducen en mejoras urbanísticas, dignas de todo encomio. Solo un reparo hemos de ponerle: la asiduidad en el blanqueo de muchas fachadas con la consiguiente ocultación de la nobleza y sinceridad del granito. Y una petición: que se tienda a la conservación, y si fuese factible, el mejoramiento de las casas con patines que dan a las calles gesto típico, personalidad y gracia propia. El secreto urbanístico de nuestras villas y ciudades, ha de consistir en conjugar lo tradicional con lo moderno.

Pero la playa de la Señal es el berrón de la villa. Los veraneantes, ajenos a nuestra región, se preguntan asombrados como en Galicia, y concretamente en Cangas, los elementos de belleza que son los que atraen al forastero y le hacen grata su estancia, viven menospreciados por aquellos que deberían poner el máximo interés en cuidarlos, para ofrecerles al visitante, bellos y pulcros, tal como la naturaleza los dispuso y engalanó.

La más que hermosa y útil playa de la Señal, convertida absurdamente en letrina y escombrera, exige, pide a voces una acción conjunta de las autoridades y vecinos de Cangas hasta conseguir su adecentamiento y conservación.

Aún cabe el remedio. Esperemos que dios y los hombres de Cangas nos oigan. Y que, quien puede, nos atienda a todos, percatado del bien que haría.

Melitón González

El Pueblo Gallego, 2 de setembro de 1956, día do Cristo

(\*) Investigador da historia de Cangas